



INFORME DO GABINETE DE COMUNICACIÓN

DESAGREGACIÓN DE CUSTES . CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE AXENCIA DE MEDIOS PARA A DIFUSIÓN DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL XENÉRICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

En cumprimento do estipulado no artigo 100 da LCSP, para acadar o orzamento base de licitación se realiza unha estimación desglosada de custos.

Custos directos:

Entendidos como tales os propios do deseño, desenvolvemento e execución dos servizos obxecto deste contrato (insercións publicitarias en calquera medio unha vez aplicado o desconto sobre as tarifas oficiais- incluído o tradicional rappel do sector ou calquera outra vantaxe comercial obtida-, custos do persoal da empresa adscrito ao contrato e medios materiais que deba usar o adxudicatario...).

Custos indirectos:

Se realiza unha estimación sobre os custos directos dun 1% e que contempla gastos tales como os da sede da entidade, persoal da adxudicataria que indirectamente teña relación co servizo, material de oficina, gastos financeiros, seguros, así como os tributos a excepción do IVE dos que a empresa deba responder....

Comisión de axencia:

Entendida como o tanto por cento facturado en concepto de compra e distribución, englobando, así mesmo, os diferentes aspectos recollidos no obxecto do contrato. A devandita porcentaxe máxima (3%) aplícase sobre o importe resultante da suma dos custos directos e indirectos. A comisión de axencia será única para todos os medios e soportes publicitarios.

Para unha mellor execución do contrato, a Deputación de Lugo e o adxudicatario poderán acordar incluír insercións de carácter estratéxico. Nestes casos, as súas condicións se negociarán de xeito puntual, ben polo adxudicatario ou pola institución provincial. Estes medios serán tramitados ao abeiro do contrato segundo a comisión de axencia ofertada polo adxudicatario para estes casos cun máximo do 10%.

Na estimación de custos prevese que un 15% das insercións terán ese carácter estratéxico.



DEPUTACIÓN DE LUGO

Para profundizar un pouco máis nesta cuestión é preciso remarcar que a cantidade solicitada para acometer estas actuacións, non deixa de ser unha estimación do gasto que se pretende realizar considerando os factores anteriormente sinalados (necesidades de publicación do Gabinete en cada momento, tipo de medio de comunicación no que se publica, tipo de soporte da publicación, etc.) e tendo en conta os gastos realizados nos últimos anos cun obxecto similar, pero sobre todo a grande cantidade de medios de comunicación que dunha maneira ou outra teñen presenza no territorio da provincia e cos que habitualmente a Deputación de Lugo cumpre coas súas obrigas de publicidade institucional.

No que respecta a esta cuestión, indicar que habitualmente se traballa con máis de 20 medios de comunicación (prensa escrita, prensa dixital, radios, etc.) cada un dos cales en función do tipo de soporte publicitario; localización, tamaño e data exacta da inserción publicitaria (no caso de prensa escrita ou dixital) ou duración da inserción (no caso das radios), ten diferentes tipos de tarifas por inserción. A modo de exemplo, acompáñase as tarifas oficias que figuran na actualidade nun dos medios de comunicación que maior presenza ten no territorio da provincia e que se pode consultar na seguinte ligazón:

https://www.lavozdeg Galicia.es/estaticos/TARIFAS_VOZ_2019.pdf

De acordo co anterior, tendo en conta a cantidade de medios de comunicación cos que se traballa e os diferentes tipos de soportes publicitarios e tarifas que aplica cada un deles, o nivel de detalle das cantidades que se solicitan para poñer en marcha esta contratación non pode ser máis amplo tendo en conta todos os factores indicados nos parágrafos anteriores.

O que se informa aos efectos oportunos.

Lugo, 16 de xaneiro do 2019

A Xefa da Unidade Apoio e xestión administrativa
Comunicación

Isabel Ron Torres